

LECTURAS 3º/4º DE ESO. CURSO 2024-25

Poderanse facer unha lectura por avaliación, que se poderá escoller entre o listado de lecturas e películas que figuran máis adiante. Se a lectura non está neste listado, débese consultar antes coa profesora.

Moitas destas lecturas poderán atoparse na biblioteca do centro. A profesora poderá facilitar a maioría das que non se atopen na biblioteca.

Deberase comunicar á profesora con antelación suficiente para poder fixar un día para a exposición oral na aula, que non deberá superar os 15 mm. de duración.

- Pódense consultar pautas para facer resumo e unha exposición e mirar exemplos na seguinte ligazón:
<http://aspasiamelide.blogspot.com/2013/01/como-exponer-un-libro.html>

A exposición pode ir acompañada de recursos TICs: presentación, video, Prezzi, podcast...

Na exposición debe facerse un resumo da obra escollida, que debe seguir o seguinte esquema:

1. Datos do libro

Título

Autor/es

Editorial

Xénero (cómic, novela, teatro...)

2. Resumo: non debe superar nunca as vinte liñas escritas, e nel deben incluírse as repostas as seguintes cuestións:

- Contexto: onde? cando?. O lugar e a época na que transcorre a acción.

- Descrición (breve) do personaxe/s principal: Quen?

- Desenvolvemento da acción: como? O argumento da obra

3. Opinión persoal:

- Fíxome en aspectos do libro e coméntoos:

. estilo do autor/a

. temas que trata e como os trata

. sé é un cómic: debuxos, texto e a súa relación

. se é unha obra non ambientada nas antigas Grecia e Roma, **comento o seu referente clásico**

. analizo a súa mensaxe

- Gustoume porque.../ Non me gustou porque...

- Se coñezo outras versións da obra ou outros formatos dela (película, novela, cómic, vídeo, peza teatral...) coméntoo brevemente e compároo.

4. Imaxes: da portada ou de páxinas que me gustaron, ou aquelas que consideramos que resumen o espírito da obra.

5. Fontes: se consulte algún libro ou páxina na rede, cítalo ao final do esquema

IMPORTANTE: se se detecta calquera tipo de copia da rede ou de outras fontes, a puntuación será 0.

TODAS ESTAS INDICACIÓNS COA LIGAZÓN PARA MIRAR COMMO SE FAI UN RESUMO ESTÁN PUBLICADAS NA AULA VIRTUAL.

NOVELAS


Alexandre, Marilar, *A cabeza da Medusa*, ed. Xerais. Dúas rapazas dun instituto de Vigo sofren unha violación cando volven dunha festa. Moi interesante tratamento do mito da Medusa, que ao igual que as protagonistas pasa ser culpable en lugar de vítima. Fácil de ler, engancha.



Alexandre, Marilar, *A filla do Minotauro*, ed. Galaxia. Novela de aventuras e amor ambientada a finais da Segunda Guerra Mundial nunha Sicilia poboada de personaxes mitolóxicos. Miranda, a nosa heroína, decide formar parte dunha asociación clandestina que se dedica a salvar obras de arte. Cos seus novos compañeiros descubrirá o valor do propio patrimonio, a súa propia historia e tamén o amor.




Baker Pat, *El silencio de las mujeres*, Ed. Siruela. Estupenda novela que nos ofrece a visión da guerra de Troia dende o punto de vista de Briseida, a escrava de Aquiles, antes muller do rei Mines de Lirneso, e relata o papel das mulleres nesta guerra. Fácil de ler, na biblioteca do instituto.



Bracken, Alexandra, *Lore*, ed. Puck. Novela fantástica ambientada en New York na que a protagonista, Lore Perseus, descendente dunha liñaxe mitolóxica, loita por sobrevivir nunha batalla entre personaxes da mitoloxía grega.



Davis, Lindsey *La plata de Britania*, ed. Edhasa. Estupenda novela policíaca que dá conta das aventuras do detective Marco Didio Falco na Roma do emperador Vespasiano. É a primeira novela da serie e nela Falco terá que desprazarse á lonxana Britania para descubrir unha conspiración contra o César. Para bos lectores/as.



* Calquera da serie do detective Marco Didio Falco, de D. Lindsey

Évano, Brigitte, *Cuentos y leyendas de los Juegos de Olimpia*, ed. Anaya. Relatos ambientados nos xogos de Olimpia do a. 432 a. C., ás que asisten como espectadores importantes personaxes como Pericles ou Sócrates. Fácil de ler.



Feijoo, Pedro, *Os fillos do mar*, ed. Xerais. Simón Varela é un mediocre arquitecto residente en Vigo. Un día recibe unha chamada dunha señora da alta sociedade viguesa, Isabel Llobet, para que lle faga unha reforma nunha fonte da súa propiedade, nun pazo de Canido. Aos poucos días de comezar a reforma, Simón atopa un cofre pechado. Simultaneamente, a señora, xa maior, morre en estrañas circunstancias. A partir de aquí, o arquitecto vese involucrado nunha intrigante trama na que tamén parece estar envolta a familia da muller morta. Novela trepidante de aventuras, novela de intriga, escrita con ton humorístico, que nos remonta a tempos pasados da historia de Vigo e contén un potente referente clásico. Fácil de ler, pero con 432 páx.




Gándara, Lola *Guárdate de los Idus de Marzo*, ed. SM, Novela de intriga ambientada ao final da República, cando César é asasinado. Esta morte cambiará as vidas de Druso e a súa irmá Porcia, xa que o seu tío, Mario Domitio, está involucrado no asasinato e deberá suicidarse para salvar o seu honor. Fácil de ler.



Graves, R. *Mitos da antiga Grecia*, ed. Xerais. Libro moi sinxelo de ler que nos conta os principais mitos gregos.

Graves, R., *La hija de Homero*, ed. Edhasa. Magnífica versión da Odisea, na que a autora do poema homérico sería unha muller, unha princesa siciliana que se retra a si mesma como Nausícaa. Para boas/os lectores, aínda que fácil de ler.



Grenier Christian, *Cuentos y leyendas de los héroes de la mitología*, ed. Anaya. Antoloxía de contos mitolóxicos, moi fácil de ler.



Kallifatides, Theodor, *El asedio de Troya*, ed. Galaxia Gutenberg. Grecia 1944, durante a ocupación nazi de Grecia, unha mestra relata aos seus alumnos a guerra de Troia paa distraelos do horror da guerra. Magnífica e poética versión da guerra de Troia sen a intervención do deuses, moi fácil de ler, 170 pág.




Lawrence, C. *Serie Misterios Romanos: Ladrones en el foro, Los secretos del Vesubio, Los Piratas de Pompeya...* de ed. Salamandra. Serie de intriga protagonizada por catro nenos romanos de distinta condición social e cultural, que se dedican a resolver misterios. Moi fácil de ler.




Lillo Redonet, F., *El aprendiz de brujo*, ed. Merial. Antoloxía de contos mitolóxicos, moi fácil de ler.



Lillo Redonet, F., *O Medulio. O norte contra Roma*, ed. Toxosoutos. Novela histórica ambientada nas guerras de cántabros, astures e galaicos contra o invasor romano. Fácil de ler.



Lillo Redonet, F., *Teucro, o arqueiro de Troia*, ed. Toxosoutos. Novela inspirada no mito de Teucro, o arqueiro grego que regresa da Guerra de Troia e, segundo fontes mitolóxicas, chega á costa atlántica e funda a cidade de Pontevedra.




*Calquera libro de F. Lillo: *Hotel Roma, Un día en Pompeya, Gladiadores...*

Martín, Isabel *La curandera de Atenas*, ed. Booket. Novela entretida e fácil de ler que se desenvolve na Atenas clásica, protagonizada por unha muller que coñece a Hipócrates, o máis famoso médico da antigüidade e aprende del a arte da medicina.




Miller, Madeline, *Circe*, Ed. AdN. Novela centrada na feiticera Circe, filla de Helios, tía de Medea, amante de Odiseo... que vive apartada na súa illa e usa os seus poderes para transformar homes en bestas. Lectura asequible.



Miller, Madeline, *La canción de Aquiles*, Ed. AdN. A historia de Aquiles, un dos máis grandes heroes da mitoloxía grega, contada polo seu amigo íntimo e amante Patroclo, cun punto de vista máis humanizado e intimista. Lectura asequible.



Molina, Isabel, *Más rápido, más alto, más fuerte*, ed. Alfaguara. Novela xuvenil, fácil de ler ambientada nos xogos Olímpicos e centrada nas carreiras de carros de cabalos.



Navarro Durán, Rosa, *A Odisea contada aos nenos*, ed. Rodeira. Versión da Odisea moi fácil de ler. (En castelán e galego)



Nucci, G., *Las aventuras de Ulises*, ed. Siruela. Versión da Odisea moi fácil de ler.



Ovidio, *Metamorfosis*, Adapt. de Agustín Sánchez Aguilar, ed. Vicens Vives. Clásico adaptado que recolle moitos mitos da mitoloxía grega e romana, que teñen en común unha transformación ou metamorfose. Fácil de ler.



Riordan, James, *Los doce trabajos de Hércules* ed. Vicens Vives, Clásicos adaptados. Libro moi sinxelo sobre as fazañas máis coñecidas de Hércules.



Riordan, Rick, Serie *Los héroes del Olimpo: El héroe perdido, El hijo de Neptuno...*, Ed. Montena. Serie fantástica de gran éxito, continuadora de *Percy Jackson y los dioses del Olimpo*. Agora centrarase na xigantomaquia e nos heroes do Vélaro de Ouro, Xasón e os Argonautas.



Riordan, Rick, Serie *Percy Jackson y los dioses del Olimpo: El ladrón del rayo, Los dioses del Olimpo...* de. Ed. Salamandra. Serie fantástica de gran éxito, ambientada no EEUU actual, onde o protagonista, Percy Jackson, vese involucrado nunha serie de aventuras ao descubrir que é fillo de Poseidón



Sautereau, François, *Cuentos y leyendas del nacimiento de Roma*, ed. Anaya. Antoloxía de contos mitolóxicos da antiga Roma, moi fácil de ler.




Scarrow, Simon, *Gladiador, lucha por la libertad*. ed. Edhasa. Marco, un mozo romano fillo dun centurión, pasa a ser escravo ao ser asasinado o seu pai, que tiña numerosas débedas. Convértese en gladiador e deberá investigar o pasado escuro da súa familia para salvar a súa vida. Boa novela de intriga que engancha. Fácil de ler.



Schacht. Andrea, *El oro del gladiador*, ed Anaya. Novela de misterio na antiga Roma, onde os amigos dun gladiador morto teñen que buscar un tesouro agochado por el. Moi fácil de ler.



Schmitt-Pantel, Pauline, *Dioses y Diosas de la Grecia Antigua*, explicados a todo el mundo. Ed. Paidós. Libro que explica os principais deuses gregos de forma clara e amena.



Sofía, Marta, *Ágora*, ed. Planeta Inspirada na película de Amenábar, relata a traxectoria da filósofa e matemática Hipatía de Alexandría e a época convulsa na que viviu, s. IV d. C na que o cristianismo se impuxo violentamente no mundo clásico.



Sutcliff, Rosemary, *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*, ed. Vicens Vives. Espléndida versión da *Odisea* de Homero.



Sutcliff, Rosemary, *Naves negras ante Troya. La historia de la Ilíada*, ed. Vicens Vives. Espléndida versión da *Ilíada* de Homero.



Viladevall, Montserrat & Llacay, Toni, *Heroes y heroínas los favoritos de los dioses*, ed. Planeta Oxford. Libro que recolle as principais historias de heroes e heroínas, como Odiseo, Aquiles, Xasón... Moi fácil de ler.



Viladevall, Montserrat & Llacay, Toni, *Heroes y heroínas, un mundo de pasiones*. ed. Planeta Oxford. Libro que recolle as principais historias de heroes e heroínas. Moi fácil de ler.




Vivet-Remy, Anne-Catherine, *Teseo y el Minotauro*, ed. Akal un libro con xogos para descubrir a lenda de Teseo e o Minotauro.



CÓMICS

Brants, Elsa, *Sálvame Pythie*, serie manga protagonizada por unha sacerdotisa de Apolo que, ao igual que a Casandra mitolóxica, rexéitao e por elo é condenada a que as súas profecías non sexan cridas. A petición de Zeus, deberá protexer a Janto, un dos seus moitos fillos, un aspirante a heroe un tanto fachendoso e liante.



Calatayud, M. *Los 12 trabajos de Heracles*, Ediciones de Ponet. Magnífica versión dos traballos de Heracles nun estilo pop-art, con clara inspiración na cerámica grega e nos frescos minoicos e micénicos. A partir de 3º de ESO.



Dori, Fabrizio, *El dios vagabundo*, ed. ECC Cómic, historia dun sátiro perdido no mundo actual que quere atopar o seu antigo mundo de maxia e mitos. Debuxo fascinante cunha nova e orixinal mirada sobre os mitos gregos, cun pequeno toque surrealista.



Dufaux, Jean e Delaby, Philippe, *Murena*, ed. Planeta D'Agostini. Magnífica serie de 9 tomos que describe a vida dun patricio romano na Roma imperial de Claudio e Nerón, moi ben documentada (cita a Suetonio). Moitas escenas de loita de gladiadores, eróticas e da vida cotiá na Roma Imperial.



García, Iván & O'Leary, Ruth, *Por un puñado de dracmas*, ed. Grafito Editorial. Un mercenario ateniense e un renegado espartano atópanse nunha remota cidade do Epiro dominada por un tirano e ameazada por unha terrible besta. Magnífica ambientación, recreación de un simposio con recitado de versos de Arquíloco, interesantes debuxos inspirados en edificios da antiga Atenas, boa caracterización de hoplitas e das diferentes etnias.



Goscinnny, R. & Uderzo, A. *Asterix*, ed. Varias, tamén animación en DVD. Famosísima serie dos irreducibles galos, que documenta en clave de humor a romanización da Galia e outras provincias do Imperio Romano. Traducida a infinidade de idiomas, incluídos latín e grego clásico. Ferramenta imprescindible que se pode usar en primaria




Fernández, Juanra & Guerrero, Mateo, *Gloria Victis*, ed. Norma. Estupenda serie ambientada na Hispania do s. I d. C., protagonizada por un xoven auriga que quere vingar a morte do seu pai nunha carreira pouco limpa. Debuxo increíble, excelente para documentar os *ludi* e vida cotiá no Imperio Romano. Moi fácil de ler, engancha, a partir de 1º de ESO.



Friessen, Jerry & Trifogli, Francesco, *El Fuego de Teseo*, ed. Ponent Mon. E se a historia que coñecemos de Teseo e o Minotauro non é a verdadeira? Interesante revisión deste mito en clave feminina, na que se cuestiona o papel e a identidade dos monstros. Mágoa que o fascinante mundo minoico non saia moi ben parado. Fácil de ler




Marini, Enrico, *Águilas de Roma*, Norma Editorial. Serie que vai no 4º volume, que narra as aventuras de dous amigos que se criaron xuntos: un patricio romano, fillo de romano e xermana, e un príncipe xermano levado a Roma como refén. boa documentación histórica sobre as campañas contra os xermanos. Descricións moi interesantes da vida cotiá, *villae*, urbanismo, exército con escenas eróticas.




Melone, Arianna, *Las jóvenes de Safo*, ed. Herder. Fermosa e interesante biografía acompañada dos poemas de Safo, a gran poetisa que viviu no s. VI a. C. na illa de Lesbos e fundou unha escola de poesía e música para rapazas que rendían culto a Afrodita. Fácil de ler.




Miller, Frank, *300*, Norma Editorial. Cómic no que se basea a famosa película que rende honra aos 300 espartanos mortos nas Termópilas durante as Guerras Médicas, pero moito mellor e sen maniqueísmo excesivo da película.



Mitton, Ives & Rocca, Simon, *Vae victis!* ed. Norma. Serie en cinco volumes ambientada na conquista das Galias por César. Heroína protagonista inspirada na Boadicea histórica. Moi boa ambientación documentación histórica. O primeiro tomo máis denso. Para lectoras/es maduros e con interese na historia.



Peña, Nacy & Le Callet, Medea, Impresionante cómic que recrea cun coidado exquisito a traxectoria dunha das heroínas tráxicas máis denostadas, a feiticeira Medea, capaz de todo tipo de crimes na súa sede de vinganza.



Pérez Navarro & Saurí, Martín. *La Odisea*, Norma Editorial. Boa adaptación do clásico homérico, debuxo algo abigarrado e cargado en branco e negro. Mellor a partir de 4º de ESO.



Riordan, Rick & Vewnditti, R. e outros. *El ladrón del rayo. Percy Jackson y los dioses del Olimpo* Ed. Salamandra. Adaptación das novelas de R. Riordan, aínda que se parece máis á película que o texto, fácil de ler a partir de 1º de ESO.



Rossi & Le Tendre, *La Gloria de Hera*, Ed. Planeta DeAgostini. Historia de Heracles antes dos Doce traballos, cando o seu nome era Alceo e non gañara o seu sobre nome "Heracles" ou a gloria de Hera. Céntrase en aspectos menos tratados como a dualidade e relación co seu irmán xemelgo Ificles. Bos debuxos, para boas lectoras/es.



Rossi & Le Tendre *Tiresias*, Ed. Planeta DeAgostini, Deliciosa historia de Tiresias, que ademais de famoso adiviño, viviu como muller e como home. Bos debuxos, moi interesante reflexión sobre a identidade sexual. Para lectoras avezadas/os. A partir de 3º de ESO.



Rubín, David. *El Héroe I e II*, Astiberri Ediciones. Magnífica versión libre sobre Heracles e os 12 traballos. Preséntasenos a un Heracles nun contexto intemporal, con elementos do pasado, presente e futuro. O tomo II amosa un Heracles maduro e atormentado. Para lectores/as iniciados no cómic.



Stok, Bárbara, *La filósofa, el perro y la boda*. Amena e interesante historieta que conta a vida de Hiparquia, filósofa grega do s. IV a. C. e muller adiantada ao seu tempo que foi quen de elixir a vida que quería levar, cuestionándose as conviccións socias da súa época.



Thomas, Roy, Sepúlveda, M. A. e Tocchini, G *La Ilíada-La Odisea*, ed. Marvel. Magnífico en canto ao texto e minuciosidade, respectando o texto homérico co seu estilo épico. Debuxos na liña de superheroes de Marvel. Para lectoras/es maduros.




Thomas, R. *La guerra de Troya*, ed. Marvel. Bo e minucioso resumo da guerra de Troia, obviando os acontecementos da Ilíada, tratados no tomo anterior. Lectura asequible.



Vanistendael, Sofía, *Las dos vidas de Penélope*, ed. Astiberri. Penélope é unha médica cooperante, que despois de cada misión regresa á súa casa, onde a agardan un marido fiel e unha filla que a queren e a necesitan. Ela debatirase entre a súa familia e o seu traballo e cada vez os regresos serán máis difíciles. Unha magnífica versión da *Odisea* en feminino na que se reflexiona sobre a familia, o traballo, a vocación e os roles de xénero. Fácil de ler.



Williams, Marcia. *La Ilíada y la Odisea*, ed. Acanto: Resumo moi completo e simpático das dúas obras. Moi sinxelo, a partir dos 8 anos.



Williams, Marcia: *Los mitos griegos*, ed. Acanto, selección de 12 mitos griegos, simpático e ben explicado. Moi sinxelo, a partir dos 8 anos.



Yamazaki, Mari, *Thermae Romae*, ed. Norma. Serie manga. O arquitecto romano Lucius Modestus perde a inspiración. Ante o risco de perder o seu traballo, acude a relaxarse ás termas romanas. No medio do baño fará unha viaxe no tempo e no espacio ata o Xapón actual. Aproveitará esta experiencia para revolucionar o mundo romano e gañar o favor do emperador.



Yamazaki, Mari & Tori, Miki, *Plinius*, ed. Ponent Mon. Serie manga de romanos centrada na figura de Plinio o Vello. Historieta interesante e amena, que a través das memorias deste famoso naturalista nos ofrece unha visión da ciencia no mundo antigo. Fácil de ler. A partir de 3º de ESO.




PELÍCULAS

Amenábar, A., *Ágora*, Filme arredor da escola da filósofa, matemática, astrónoma... Hipatía na convulsa Alexandría do s. IV d. C, escenario da desaparición do saber clásico pagán pola imposición do cristianismo.




Cacoyanis, M., *Las Troyanas*, USA 1971. Extraordinaria adaptación cun reparto de luxo das *Troianas* de Eurípides, as mulleres, nais e fillas dos troianos mortos que agardan a ser sorteadas como escravas dos vencedores gregos. Clásico que se constitúe como un dos mellores alegatos contra a guerra.




Columbus, Chris, *Percy Jakson y el ladrón del rayo*, USA 2010. Adaptación da novela fantástica homónima de R. Riordan, que nos amosa toda unha serie de personaxes mitolóxicos que viven nos EEUU do s. XXI



Freudenthal, Thor *Percy Jakson y el mar de monstruos*, USA 2013 Adaptación da novela fantástica homónima de R. Riordan, que nos amosa toda unha serie de personaxes mitolóxicos que viven nos EEUU do s. XXI.



Gosciny-Uderzo Serie *Asterix*, películas de animación baseadas na famosa serie de cómic.



Konchalovsky, A. *La Odisea*, USA 1997. Boa adaptación da Odisea de Homero, moi respectuosa coa ambientación e a documentación e cun bo reparto de actores e actrices.



Kubrick, S., *Espartaco*, USA 1960 Excelente superprodución en torno á figura de Espartaco, o famoso escravo tracio que encabezou unha importante revolta de escravos no s. I a. C.



Lester, R., *Golfus de Roma*, Reino Unido 1966. Comedia baseada nun musical, que ten como argumento a mestura de varias comedias de Plauto: un astuto escravo que axuda ao seu amo a conseguir a muller que ama, salvando todo tipo de obstáculos.



Mankiewicz, J. *Cleopatra*, USA 1963. Clásica superprodución cun reparto de luxo arredor da figura de Cleopatra, mítica raíña de Exipto que mantivo relacións con Xulio César e Marco Antonio no s. I a. C.




Mankiewicz, J. *Julio César*, USA 1953. Clásico cun reparto de luxo baseado na traxedia de Shakespeare do mesmo título, que xira e torno a Xulio César e o seu asasinato no 44 a. C.




Mann, A., *La caída del Imperio Romano*, USA 1966. Clásico cun reparto de luxo que nos leva á Roma de finais do s. II d. C., cando a morte do emperador Marco Aurelio provoca unha serie de loitas polo poder que marcarán o comezo da decadencia do imperio romano.




Nicholson, P. *Pompeya, el último día*. Reino Unido 2003. Excelente documental da BBC que combina a reconstrución da vida cotiá en Pompeia e os seus últimos días antes da erupción do Vesubio no 79 d. C. cunha explicación rigorosa dos achados arqueolóxicos.



Petersen, W. *Troya*, USA, Reino Unido, Malta 2004. Superproducción que ofrece unha versión libre da Guerra de Troia con algúns pasaxes moi aproveitables de inspiración homérica.



Ross, Gary, *Los juegos del hambre*, USA 2012. Baseada na novela homónima, narra unha acción ambientada nun mundo post-apocalíptico no que domina un réxime totalitario que obriga aos adolescentes a participar nuns xogos nos que deben matarse os uns aos outros para sobrevivir. Tema distópico con abundantes referentes clásicos




Scott, R. *Gladiator*, USA 2000. Exitoso peplum ambientado na Roma de finais do s. II d. C. O emperador Marco Aurelio morre asasinado polo seu fillo Cómodo, que intenta desfacerse do fiel xeneral Máximo Décimo Meridio, a quen seu pai nomeara como sucesor. Máximo, que consegue escapar da morte, convértese en escravo e nun gladiador vitorioso, que buscará por riba de todo vingarse de Cómodo.



Snyder, Zack, *300*, USA 2006. Peplum de animación baseado na batalla das Termópilas, na que un heroico exército de 300 espartanos se enfrontará ao numerosísimo exército persa. Película bastante maniquea, que non analiza a complexidade da relación entre gregos e persas.



Stone, O. *Alejandro Magno*, USA 2004. Superproducción que ten a vida e fazañas de Alexandre Magno como fío condutor. Ben documentada, fai unha boa análise dos aspectos culturais e da figura de Alexandre.



Taviani, P e V, *César debe morir*, Italia 2012. Extraordinaria película que se desenvolve nunha cárcere de Roma, onde un grupo de presos ensaia o *Xulio César* de Shakespeare. A ficción da traxedia shakesperiana mestúrase co día a día dos presos.



Willing, N., *Jasón y los argonautas*. USA 2000. Peplum centrado na mítica viaxe de Xasón en busca do Vélaro de Ouro e que obvia todos os aspecto escuros da relación con Medea.

